

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A casa Dabade de Arroxo

A esta casa Dabade(Casa do abade) de Arroxo, A Fonsagrada (Lugo) venlle o nome de cando viviu nela un cura que fora castigado a desterro polas señoras do Pazo de San Martín de Arroxo.

As señoras tíñano avisado de que non empezase a misar antes de chegaren elas á igrexa. Pero un día, parece que o retraso das mulleres era moito e o cura empezou a misa sen elas. O atrevemento valeulle irse vivir a " onde non oíse can ladrar, gato maullar ou galo cantar". Ou sexa, á casa Dabade.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Arquivo Chaira:Información de Antonio FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, O Castro, Arroxo, A Fonsagrada. 30 de setembro de 1998.

Bibliografía:

CUBA, X. R., REIGOSA, A., «Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lend», en Croa, nº8, 1998, pp. 42-63.